

RESOLUCIÓN REITORAL DO 17 DE DECEMBRO DE 2021 POLA QUE SE ESTABLECE A COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS DE FUNCIONARIZACIÓN QUE DESENVOLVERÁN OS PROCESOS DE FUNCIONARIZACIÓN DO PERSOAL LABORAL FIXO DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

De acordo co artigo 12 do Acordo de funcionarización do persoal laboral fixo de administración e servizos da Universidade de Vigo, asinado o 5 de xullo de 2021 e ratificado polo Consello de Goberno na sesión do 27 de outubro de 2021, esta reitoría en uso das competencias atribuídas pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e polos estatutos da Universidade de Vigo, resolve

Primeiro.- Publicar a composición da comisión de funcionarización que terá a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25):

COMISIÓN TITULAR:

- Presidencia:** María Dolores Ojea Troncoso, funcionaria da escala técnica de xestión da Universidade de Vigo
- Vogais:** Gerardo Marraud González, funcionario da escala facultativa de arquivos, bibliotecas e museos da Universidad Carlos III de Madrid.
Ana Quiroga Fraga, funcionaria da escala facultativa de arquivos, bibliotecas e museos da Universidade de Vigo.
Iván Carlos Area Carracedo, profesor titular da Universidade de Vigo.
- Secretaría:** María de los Ángeles Hermida Paredes, funcionaria da escala técnica de xestión da Universidade de Vigo

COMISIÓN SUPLENTE:

- Presidencia:** Marta Fernández Prieto, profesora titular da Universidade de Vigo
- Vogais:** María José Pousa Crespo, funcionaria da escala de letrados da Universidade de Vigo
Álvaro Xosé López Mira, profesor titular da Universidade de Vigo.
Iolanda Gloria Galanes Santos, profesora titular da Universidade de Vigo.
- Secretaría:** Andrés Dapena Paz, funcionario da escala de letrados da Universidade de Vigo.

Segundo.- Publicar a composición da subcomisión de funcionarización:

Pola Xerencia:

Raquel María Souto García, xerenta da Universidade de Vigo

José González Groba, vicexerente de recursos humanos da Universidade de Vigo.

Polos órganos de representación:

Carlos Mollinedo Lois, técnico especialista de bibliotecas da Universidade de Vigo

Xoán Manuel Cebro Rodríguez, funcionario da escala administrativa da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Manuel Joaquín Reigosa Roger
Reitor da Universidade de Vigo